

25

- ● ● ● ● EXPRESIÓN VERBAL
- ● ● ● ● EXPRESIÓN CORPORAL
- ● ● ● ● CREATIVIDADE
- ● ● ● ● VOCABULARIO
- ● ● ● ● ESCOITA ACTIVA
- ● ● ● ● TRABALLO EN GRUPO
- ● ● ● ● DIFICULTADE

8 ou máis participantes
30 minutos

Creación. Desafío

Escoita activa. Expresividade

DÍXOME DÍXOME

MATERIAIS

Non precisa materiais

ESPAZO

Espazo para sentar en roda e algures para que 4 ou 5 persoas saian do grupo e non poidan escoitar.

DESCRIPCIÓN

Este xogo consiste en repetir unha historia para observar as modificacións que, por distintas razóns, se producen cando pasa de persoa a persoa.

Para comezar, cinco voluntarios ou voluntarias retíranse. O resto do grupo inventa unha historia sinxela, pero con detalles precisos (por exemplo, un accidente). Pódese escribir, se ben non é imprescindible.

Unha vez definida a historia, chámase ao primeiro dos voluntarios, que escoitará a historia con atención. Logo este contaralle a historia ao seguinte e así sucesivamente.

A versión do último contrastarase coa orixinal e reflexionarase por que e onde se foi perdendo ou deformando a información.

